



CCR/Ra/Ms

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 29 de outubro de 2021, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado Don Cesáreo Mosquera Lorenzo:

15.7696.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sra. Presidenta.- E, por último, Rogos e Preguntas. Pasen, por favor, o micro.

...

Sra. Presidenta.- ... ¿Algunha pregunta ou rogo máis?. Pase a palabra por favor.

Sr. Domínguez Alfonso.- Bos días.

Sra. Presidenta.- Perdoe, que o Sr. Mosquera me estaba pedindo a palabra e eu entendín que era que habías deixado pulsado de antes. Non, interveña vostede e logo lle dou a el a palabra.

Sr. Domínguez Alfonso.- Non, digo, é que tampouco sei, teño claro se nas preguntas se pode facer tamén esa intervención, se vai intervir o Sr. Mosquera, non sei se ten que intervir el antes, se, non sei. Non, que interveña el e acaba xa co tema que estabamos falando. Pero digo que non sei se nas preguntas agora hai debate. ¡Ah!, perdón, perdón, vale, vale, perdone. Non, é que non sabía.

Sra. Presidenta.- *(Non se escoita. Tempo 01:24:08.24).*

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sra. Presidenta. É un rogo reiterado, pero é que hoxe entrando aquí, me entrou, é dicir, temos que sufrir estes escanos ou o que sea, que son unha tortura para a espalda, ¿non?. Temos, aquí veu unha vez un especialista en, vamos, en megafonía e sonoridade, perdona, ...

(Escóitase falar varias persoas a un tempo).

Sra. Presidenta.- A ver, a ver, vamos aclarar con cariño, ¡eh!, presidido este Pleno, presidido este Pleno, e polo tanto este goberno, este goberno preside, vostedes son oposición, por tanto o Sr. Cubela en Cerdedo, en Cerdedo-Cotobade, vostede intervén, dirixe, aquí non, aquí eu. Polo tanto, o Sr. Mosquera vai a facer un rogo e eu verei se está facendo un rogo ou outra cousa. Sr. Mosquera, ten a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Non, digo, por exemplo, o da megafonía, que aquí veu, xa hai anos, un especialista, e despois de darlle voltas dixo que case a única solución era

Pleno ordinario 29-outubro--2021

1



tirar co Salón de actos. Bueno, non hai que ser tan drásticos e demais, pero é que esto, en si o salón de actos, este, o Salón de Plenos, é que é terrorífico de estética e demais. Bueno, eu ver aí ese palio enriba da Presidencia, non sei se é por se chove, no sei exactamente ...

Sra. Presidenta.- Sr. Mosquera, fágame o rogo.

Sr. Mosquera Lorenzo.- O rogo é que se estude, que se estude o de facer un proxecto de, respectuoso coa historia, de remodelación do Salón de Plenos, ¿verdá?, que non sexa esta colección de remendos, para darlle unha funcionalidade e unha dignidade pois propia dos tempos que corremos.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. ...

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - 02506841X
Cargo: Secretario
Data: 07/11/2021 21:22

D. Cesáreo Mosquera Lorenzo.- Presidencia.- Vicepresidencia.- Arquitectura.- Paula Fernández Pena (Presidencia).- Central.-

